

1 Como subir un recurso o servidor Abalar

Recoméndase velo video tutorial e ler o manual entregado en papel:

<http://www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/mod/resource/view.php?id=735>



También podemos seguir os pasos:

- Paso 1: Disponer do arquivo que contén o recurso.
- Se un recurso contén varios arquivos temos que comprimilo en formato ZIP.

Os equipos abalar dispoñen dun compresor: 7-zip que comprime arquivos dende calquera menú contextual

- **Paso 2:** Autenticarse en entrar na área privada. Darlle a icona de “recursos” e seleccionar a pestana “engadir recurso”
- **Paso 3:** Seleccionar a carpeta/ruta do arquivo que queremos subir. Subir o recurso.
- **Paso 4:** Elixir entre as opcións de elixir un lanzador do recurso ou visualizar os arquivos do recurso.
- **Paso 5:** Elixir entre as opcións dunha icona personalizada que identificará o recurso ou unha icona estándar.
- **Paso 6:** Encher a ficha do recurso: Título, autor, descrición, palabras clave para o buscador, filtros, licenza, idioma, visibilidade e destinatarios.

1º Subir o recurso

2º Elexir a icona de acceso

3º Encher a ficha do recurso

- **Paso 7:** Ir á pestana “os meus recursos” e comprobar que dispoñemos do recurso no servidor. Comprobar que funciona correctamente e que se pode descargar a outro equipo.
- **Paso 8:** No caso de otorgarlle permisos de visibilidade pública, comprobar que os usuarios anónimos poden executar o recurso dende calquera equipo do centro.

1º Paso: Busco información sobre contidos educativos con licenza Creative Commons

Creative Commons (CC) é unha organización sen ánimo de lucro orientada a darlle ao autor o poder de decidir os límites de uso do seu traballo na rede. Á hora de crear e publicar contidos educativos verémonos moitas veces na necesidade de acudir a obxectos multimedia (imaxes, vídeos, audio...etc) . É moi frecuente buscar ditos recursos na web onde moitos deles son elaborados por usuarios con ánimo de compartilos coa comunidade.

<http://www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/mod/resource/view.php?inpopup=true&id=731>

2º Paso: Busco e descargo os sons adecuados para a miña actividade

No seguinte enderezo: <http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/> accedemos ao banco de imaxes e sons do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado. Directamente no buscador colocamos a palabra clave e seleccionamos o check “sonidos”



Lemos as condicións legais de uso/propiedade intelectual:



Descargamos os arquivos no formato desexado (wav, mp3, ogg) e os gardamos no dispositivo de memoria persoal. Teremos a precaución de renomealos cun nome identificativo do seu contido.

3º paso: Subímolo ao servidor e catalogámolos

Subimos o recurso ao servidor e asignámoslle os permisos de acceso, nome, catalogación do recurso por nivel educativo, tipo de recurso, etc. Accedemos aos recursos dende o equipo do profesor e executámolos cun reproductor de son.

4º paso: Que escoitamos....que sentimos

Pedimos aos alumnos que pechen os ollos e que escoiten cada son. No seu equipo, empregando un procesador de textos, deben describir en 5 liñas o que senten ao escoitar, sensacións, estado de ánimo etc.